



Exposición: Mulleres con Ciencia



Centro educativo e lugar:
Centro de Educación
Castroverde, de Santander

Data de realización:
Curso escolar 2021-2022.

Persoas de contacto:
Belén Ordóñez e Paula Lavín

Datos de contacto:
paula.lavin@colegiocastroverde.org

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do alumnado:

O Centro de Educación Castroverde é un centro de iniciativa libre, acollido ao réxime de “Concerto educativo”, con coeducación dende o ano 1977, integrado por diferentes etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) e Bacharelato.

O colexio está situado no centro da cidade, aberto a dúas zonas de ampla poboación escolar, con diferenzas sociais. Esta dobre inserción permite a interrelación dun alumnado de diferente condición socio-cultural e aporta ao Centro Castroverde, e ao alumnado que nel se forma, un equilibrio e un estilo propios nesta realidade de Cantabria.

As diferentes situacións e modelos familiares, as distintas procedencias nacionais ou culturais, así como a diferente motivación na elección escolar, fan cada vez máis evidentes a pluralidade e diversidade que enriquecen e favorecen o enfoque educativo dunha Escola Inclusiva.

Breve deScripción da experiencia

En que consistiu?

Tratábase de que o alumnado do curso de 1.º de ESO, dende a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, descubriese as investigacións e inventos científicos e biografías das mulleres científicas que cambiaron o mundo, levando a cabo unha exposición con retratos e carteleira informativa dalgunhas destas mulleres.

Que e Como o fixen?



O máis importante da proposta era que —no canto de traballar os aspectos propios da educación para a cidadanía global (e en particular os relativos á equidade de xénero) en actividades de tutoría e como algo sen relación coas áreas curriculares— estes se integrasen na programación das áreas xunto co resto dos contidos propios de cada materia. Así, ao levar a cabo este proxecto, as alumnas e alumnos adquirían os contidos específicos da materia de educación plástica e visual ao tempo que coñecían e visibilizaban o papel das mulleres no eido científico-tecnolóxico.

Que e Como o fixemos?

O proxecto organízase en dúas fases. En primeiro lugar, céntrase na busca, adquisición e análise sobre a muller científica, a súa biografía e achega. Para logralo, utilízanse como fonte os contidos «Mulleres na ciencia: 50 intrépidas pioneiras que cambiaron o mundo», publicados no blog da Cátedra de Cultura Científica da Universidade do País Vasco.

A segunda fase organízase coa creación dun cartel expositivo en formato A3, para o que se aplica o contido curricular de debuxo «O retrato» e a técnica plástica dos «lapis de cores».



Con estes conceptos plásticos, as alumnas e alumnos representaron o retrato, o invento ou investigación e unha cartela biográfica, cos datos máis relevantes da muller científica previamente seleccionada.

O proxecto culminou cunha exposición nos corredores do colexio, divulgando e pondo en valor o traballo das mulleres no ámbito científico. E á par, incentivando a futura participación do alumnado nas carreiras de ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Que logros conSeguimos?



A través deste proxecto, o alumnado puido tomar consciencia da presenza e importancia das mulleres nos eidos científico e tecnolóxico, e da invisibilización que se produciu a respecto do seu papel nestes campos.

Tamén se traballaron destrezas e contidos propios da linguaxe plástica e visual, como a realización de creacións plásticas sendo conscientes do propósito do traballo, a planificación deste e a documentación previa. Todo isto demostrando valores de iniciativa, creatividade e imaxinación.

Ao mesmo tempo, ao realizar a exposición nos espazos comúns do centro, contribuíse ao labor de visibilización, o que axudou ao resto do alumnado e do profesorado a coñecer e apreciar o papel das mulleres alí representadas.

Que elementos da estrutura escolar e do contexto pensamos que foron un apoio ou un freo para conSeguir os logros?

A formación do profesorado recibida no centro por parte de InteRed arredor da coeducación e a prevención das violencias de xénero, e o traballo de principio de curso para integrar os contidos propios da EPDCC (Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global) contribuíu ás programacións de cada área curricular.

E de xeito máis xeral, e tamén fundamental, aos principios pedagóxicos do centro, que falan dunha escola inclusiva, comprometida coa sociedade, próxima, innovadora, democrática e participativa.

Que aprendizaxes e retos extraio?

A principal aprendizaxe, e tamén reto, que extraemos desta actividade é que resulta posible traballar os contidos curriculares cun enfoque de cidadanía global, sen a necesidade de interromper a marcha das materias, senón integrándoo de maneira natural.

Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia

Profesorado de Educación Plástica e Visual e alumnado de 1.º de ESO.

Recursos ou materiais de apoio/referencia:

«Mujeres con ciencia», un blog da Cátedra de Cultura Científica da UPV/EHU

<https://mujeresconciencia.com/2016/03/28/women-in-science-50-fearless-pioneers-who-changed-the-world/>

